




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: San Xulián de Malpica de Bergantiños. Extensión: 0,76 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Conxunto de tres illas pegadas, separadas por estreitos corredores deprimidos de orixe tectónica que lles quitan o carácter continuo da insularidade. Ten diferentes tamaños e altitudes, acadando a maior os 100 m, mentres que a máis pequena só chega aos 30 m. A Sisarga Grande posúe un perfil asimétrico, con paredes verticais e moi recortadas ao norte, unha superficie aplanada na parte somital, onde aparecen numerosos afloramentos graníticos, e unha vertente máis suave cara ao sur, que remata en acantilados baixos e inclinados e non presenta un recorte marcado. As outras illas, Malante e Sisarga Chica, teñen alturas menores. A Malante supera en algo os 50 m e presenta unha asimetría similar á illa maior, mentres a Sisarga Chica é bastante simétrica e presenta plataformas rochosas ben desenvolvidas. Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas: Illas Sisargas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Granito cataclástico de dúas micas na Sisarga Grande. Ortogneis na Sisarga Chica e Illa Malante. Xistos e gneises albiticos do Dominio da Foxa Blastomilonítica, de Idade precámbrico-silúrica en dous enclaves entre estas dúas últimas illas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido con temperatura media anual maior de 14° C e a amplitude térmica media variable entre 12,5° C e 13,5° C. No tocante ás precipitacións, rexístranse máximos acumulados de 1200 mm e mínimos sobre 1000 mm ao ano.

OS SOLOS

As Illas Sisargas, que presentan unha alta porcentaxe de afloramentos rochosos, presentan leptosoles líticos, os solos menos evolucionados.


AS AUGAS

A natureza acantilada da unidade con fortes pendentes e escasa prolongación continental dá lugar a unha rede fluvial pouco significativa. As augas verten na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Incluída no LIC Costa da Morte. Unidade acantilada con notable importancia do hábitat 1230 de cantis costeiros atlánticos. Na parte superior, afloramentos graníticos engaden hábitats do grupo 82, "pendentes rochosas con vexetación casmofítica". Compartindo espazo con este grupo, a superficie aplanada contén os hábitats 4030, brexeiras secas europeas e 4040, brexeiras secas atlánticas costeiras con *Erica vagans*. Zona incluída no inventario de áreas de importancia para as aves (IBA). Conta con citas do taxon vulnerable protexido *Rumex rupestris*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Priman as formacións vexetais costeiras precedidas dun sector acantilado e adaptadas aos rigores climáticos das illas. Os ventos constantes que sopran nas Sisargas imposibilitan ou, polo menos, limitan o crecemento de especies arbóreas. De feito, un bosque de repoboación de piñeiros é o pouco de flora que podemos atopar, xunto con algúns arbustos de porte considerable. Non obstante, aparece vexetación herbácea entre a que destaca algún endemismo propio do noroeste da península. Non hai presenza de elementos artificiais, a excepción do Faro e a pequena Ermida de Santa Mariña.

MORFOLOXÍA

A organización das coberturas vexetais sobre a unidade responde a criterios puramente naturais, dado que a intervención humana nesta paisaxe se limita ás construcións citadas, feito que non inflúe nos usos do solo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade non existen estradas ou pistas forestais. Tan só é posible distinguir unha pequena senda que une o faro e a capela cun pequeno embarcadoro situado na costa sur da Sisarga Grande.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas Sisargas hai dous elementos patrimoniais de interese: Por unha parte, o faro das Sisargas, que foi construído en 1919, álzase sobre os acantilados servindo de guía ao intenso tráfico marítimo que cruza estas costas. Na actualidade está automatizado e permanece deshabitado. Preto do faro atópanse os restos da Capela de Santa Mariña, testemuño mudo dun tempo en que o home habitaba estes lares.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Predominan os aspectos naturais e ecolóxicos nunha paisaxe agreste e natural que permite gozar dun ámbito insular excepcionalmente ben conservado. Son de grande atractivo as vistas que, dende as illas, se obteñen de Malpica, do Cabo de Santo Adrián e, en xeral, de todo este sector da costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apenas se dan transformacións neste ámbito dende os anos 50 do século XX. Tan só a automatización do faro supuxo unha relativa transformación na paisaxe: o faro deixa de estar habitado permanentemente e esfúmanse os camiños, o que redunda nunha maior naturalización do arquipélago.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

As Illas Sisargas son un espazo de gran valor para as aves, un enclave de grande riqueza xeolóxica e un espectáculo paisaxístico dende o que gozar do mar, a flora e a fauna propios dun arquipélago. Na actualidade, está incluída dentro do LIC Costa da Morte dadas as súas singularidades ambientais e paisaxísticas. Dende a atalaia natural que constitúen pódese ver gran parte da Costa da Morte. Proponse como punto de observación o propio faro das Sisargas.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



